

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 25-08-2026, ditou a resolución con número 2396/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DA ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2026-2027

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Lei de Bases de Réximen Local (en adiante LBRL), no seu artigo 26 apartado 1, letra c, determina que os concellos maiores de 20.000 habitantes deben prestar, en todo caso, servizos de instalacións deportivas de uso público.

2. O Concello de Carballo dentro das súas competencias de ámbito territorial dispón no seu artigo 8. da Ley do Deporte de Galicia:

- *“Construir, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica, así como a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas e outras asociacións deportivas”.*
- *“Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do uso destas e cuidar as súas condicións de hixiene e seguridade”.*
- *A LDG en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, o Concello de Carballo considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como pilar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir coa encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte. É inequívoco o mandato lexislativo ó Concello de Carballo para dotar as instalacións deportivas de uso público que satisfagan as demandas dos seus veciños, e en especial das entidades privadas sen ánimo de lucro adicadas a práctica e fomento do deporte.*

Primeiro.- Por Resolución-Decreto da Alcaldía, de data **22 de xullo de 2026**, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria para a asignación de usos das instalacións deportivas municipais destinadas ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2026-2027.

As referidas bases establecen o réxime aplicable ao procedemento de asignación de usos, os requisitos que deben cumprir as persoas e entidades solicitantes, a documentación que debe achegarse, os criterios de valoración das solicitudes e as condicións que deberán observarse para o correcto desenvolvemento das actividades autorizadas nas instalacións deportivas municipais.

Segundo.- A convocatoria foi publicada no **taboleiro de anuncios dixital do Concello de Carballo e na páxina web municipal o día 23 de xullo de 2026**, abríndose a partir desta data o correspondente prazo para a presentación das solicitudes, de conformidade co establecido nas bases reguladoras.

Durante o prazo habilitado para o efecto presentáronse as solicitudes das persoas e entidades interesadas na utilización das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento das actividades previstas para a tempada 2026-2027.

Terceiro.

Dentro do prazo establecido presentaron solicitude as entidades que se relacionan a continuación a:

ENTIDADE	CIF/NIF
AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	G15160773
AGRUPACIÓN DEPORTIVA UN PASO MÁIS	G70430608
ASOCIACIÓN CAPOEIRA BERGANTIÑOS	G70357819
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA AWEN	G70457411
ASOCIACIÓN DEPORTIVA XIRIA	G15113376
BERGANTIÑOS F.C.	G15116775
CLUB BALONCESTO ARTAI	G70226675
CLUB RÍTMICA CARBALLO	G13716360
CLUB RÍTMICA PANGEA	G56150816
ESCOLA BASKET XIRIA	G70045844
ESCOLA LUBIÁNS DE HÓCKEI E PATINAXE	G15149230
ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	G70046362
ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	G15794589
LENDIA EDUCATIVA	F44879443
SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO	G15171911
SOCIEDADE DEPORTIVA SAN LORENZO	15321060G
SOCIEDADE DEPORTIVA SOFÁN	G15603376
SOCIEDADE DEPORTIVA OZA	G70597760
VIRGENTIS SALVAMENTO BERGANTIÑOS	G70576483

Cuarto.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, procedeuse por parte dos servizos municipais competentes á **revisión e comprobación da documentación achegada por cada unha das entidades solicitantes**, co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras e determinar a súa aptitude para participar no procedemento de asignación de usos.

Esta comprobación abrangueu tanto a documentación de carácter administrativo como aquela especificamente relacionada coa actividade deportiva que se pretende desenvolver, así como a acreditación dos requisitos esixidos para garantir a adecuada utilización das instalacións municipais, a seguridade das persoas participantes e o cumprimento das condicións previstas na convocatoria.

Así mesmo, procedeuse á análise das solicitudes e á súa valoración de acordo cos **criterios establecidos nas bases reguladoras**, tendo en consideración a documentación presentada por cada entidade e as características das actividades para as que se solicita o uso das instalacións deportivas municipais.

Quinto.- Como consecuencia da revisión da documentación presentada, detectáronse determinadas deficiencias ou carencias documentais nalgúns das solicitudes, polo que, de conformidade co previsto nas bases reguladoras e na normativa aplicable, procedeuse a **requirir ás persoas ou entidades interesadas para que procedesen á súa emenda dentro do prazo concedido para o efecto**.

Os documentos obxecto de requirimento, segundo os casos, foron os seguintes:

1. **Modelo normalizado de solicitude que figura no Anexo I.**
2. **Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil da entidade e xustificante do seu pagamento.**
3. **Declaración responsable segundo o modelo establecido no Anexo III.**
4. **Censo actualizado do número de persoas asociadas.**
5. **Certificado da federación correspondente**, no que se indique o número de equipos inscritos e o número de licenzas tramitadas en cada unha das categorías para a tempada 2026-2027 ou, no caso de non estar dispoñible esta información, para a tempada 2025-2026. Unha vez formalizadas as inscricións e tramitadas as licenzas correspondentes á tempada 2026-2027, deberá remitirse ao Servizo de Instalacións Deportivas o certificado actualizado, nos termos establecidos nas bases reguladoras.
Calendarios de competición da tempada 2026-2027. No caso de que non estivesen dispoñibles no momento da presentación da solicitude, deberán presentarse ante o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, como mínimo, con quince días de antelación ao inicio da competición.
6. **Declaración responsable** na que se indique que todas as persoas participantes nas actividades da entidade, incluídas as persoas aspirantes ou en período de proba, dispoñen de licenza federativa ou, no seu defecto, dunha póliza de seguro de accidentes que garanta a asistencia sanitaria coa mesma cobertura que a licenza federativa.
No caso de actividades non federadas, deberá achegarse copia da póliza de seguro de accidentes con cobertura sanitaria e o correspondente xustificante de pagamento, garantindo a súa vixencia durante todo o período de realización da actividade.
7. **Relación do persoal ao servizo da entidade**, indicando a titulación deportiva, función ou cargo desempeñado e o tipo de relación coa entidade, xa sexa laboral, de voluntariado ou outra, así como, se procede, o réxime de xornada.
8. **Calquera outra documentación complementaria que, de acordo coas bases reguladoras ou coas circunstancias concretas da solicitude, fose requirida polo Concello de Carballo.**

A relación das entidades ás que se requiriu documentación, así como os documentos concretos obxecto de requirimento en cada caso, recóllese na **táboa de documentos requiridos por entidade** que se incorpora ao expediente.

ENTIDADE	CIF	1	2	3	4	5	6	7	8
AGRUPACIÓN DEPORTIVA UN PASO MAIS	G70430608	X	X	X	X		X	X	
ASOCIACIÓN CAPOEIRA BERGANTIÑOS	G70357819		X	X					
ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA AWEN	G70457411		X		X	X			
ASOCIACION DEPORTIVA XIRIA	G15113376		X		X	X			

BERGANTIÑOS F.C.	G15116775		X		X	X		X	
CLUB BALONCESTO ARTAI	G70226675		X						
CLUB RITMICA CARBALLO	G13716360		X						
CLUB RITMICA PANGEA	G56150816		X		X				
ESCOLA BASKET XIRIA	G70045844		X		X	X		X	
ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI E PATINAXE	G15149230		X		X	X		X	
ESCOLAS DE FUTBOL LUIS CALVO SANZ	G15794589		X		X	X			
LENDIA EDUCATIVA	F44879443		X		X			X	
SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO	G15171911		X						
SOCIEDAD DEPORTIVA SAN LORENZO	15321060G		X		X	X			
SOCIEDAD DEPORTIVA SOFAN	G15603376		X	X			X	X	
SOCIEDAD DEPORTIVA OZA	G70597760		X		X	X			
VIRGENTIS SALVAMENTO BERGANTIÑOS	G70576483		X					X	

TABOA DE DOCUMENTOS REQUERIDOS POR ENTIDADE. Marcado cun X os documentos requeridos a cada unha entidade

Sexto.- Finalizado o prazo concedido para a emenda da documentación, procedeuse á comprobación das achegas realizadas polas entidades requiridas, incorporándose ao expediente a documentación presentada e verificándose, en cada caso, o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Aquelas entidades que atenderon correctamente os requirimentos formulados e completaron a documentación requirida continuaron no procedemento de valoración e asignación de usos.

Pola súa parte, respecto daquelas solicitudes nas que non se procedeu á emenda das deficiencias detectadas dentro do prazo establecido ou a documentación achegada non permitiu acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos, aplicáronse as consecuencias previstas nas bases reguladoras e na normativa aplicable, tendo por desistidas as persoas ou entidades correspondentes, cando así procedía.

Sétimo.- Unha vez completada a fase de comprobación da documentación e determinada a situación administrativa das solicitudes, procedeuse á **valoración das mesmas conforme aos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.**

A valoración tivo por obxecto determinar a prioridade das distintas solicitudes e efectuar unha proposta de distribución dos usos das instalacións deportivas municipais, procurando garantir unha utilización racional, equilibrada e eficiente dos espazos e horarios dispoñibles.

Para estes efectos, tivéronse en consideración os criterios establecidos na convocatoria e a información achegada polas entidades solicitantes, así como as necesidades derivadas do desenvolvemento das distintas actividades físicas e deportivas previstas para a tempada 2026-2027.

Oitavo.- Como resultado do proceso de revisión, comprobación e valoración das solicitudes, elaborouse a correspondente **proposta de asignación provisional de usos das instalacións deportivas municipais para a tempada 2026-2027**, que se incorpora como **Anexo I** á presente proposta.

Nesta proposta recóllense as instalacións, espazos e franxas horarias que, de acordo coa dispoñibilidade existente e cos criterios establecidos nas bases reguladoras, se propoñen asignar ás entidades participantes no procedemento.

A distribución proposta deberá entenderse en todo caso condicionada á dispoñibilidade efectiva das instalacións, á programación municipal, á realización doutras actividades organizadas ou promovidas

polo Concello e ao cumprimento por parte das entidades beneficiarias das obrigas e condicións establecidas nas bases reguladoras.

Noveno..- A presente proposta ten **carácter provisional** e será sometida ao correspondente trámite de audiencia, nos termos establecidos nas bases reguladoras e na normativa aplicable, para que as persoas e entidades interesadas poidan formular as alegacións ou observacións que consideren oportunas.

En consecuencia, a asignación de usos recollida nesta proposta **non xera por si mesma un dereito definitivo á utilización das instalacións deportivas municipais**, quedando condicionada á resolución definitiva do procedemento, á dispoñibilidade das instalacións e ao cumprimento das condicións, obrigas e requisitos establecidos nas bases reguladoras e na normativa aplicable.

Décimo..- A utilización das instalacións deportivas municipais por parte das entidades finalmente beneficiarias deberá realizarse de acordo cos horarios e espazos que sexan definitivamente asignados, así como coas normas de funcionamento, uso e conservación das instalacións municipais e coas instrucións que, en cada momento, poidan establecer os servizos municipais competentes. As entidades beneficiarias serán responsables do correcto desenvolvemento das actividades autorizadas e deberán cumprir as obrigas relativas á seguridade, seguros, persoal técnico e deportivo, licenzas, protección das persoas participantes e demais requisitos establecidos na convocatoria e na normativa de aplicación.

Undécimo.- En consecuencia, e á vista da documentación que consta no expediente, das comprobacións realizadas e da valoración efectuada conforme aos criterios establecidos nas bases reguladoras, considérase procedente formular a correspondente **proposta de resolución provisional de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para a tempada 2026-2027**, nos termos que se detallan nos anexos que acompañan á presente proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Competencia e normativa aplicable.

A presente proposta de resolución dítase no exercicio das competencias que corresponden ao Concello de Carballo en materia de promoción do deporte, xestión e utilización das instalacións deportivas municipais e organización dos servizos municipais relacionados coa actividade física e deportiva, de conformidade coa normativa de réxime local e demais disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación.

Así mesmo, o procedemento deberá tramitarse de acordo coa normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como coa normativa específica aplicable ás entidades locais e á xestión e utilización dos bens e instalacións de titularidade municipal.

Segundo. Bases reguladoras e convocatoria.

Resultan de aplicación ao presente procedemento as **Bases reguladoras da asignación de usos das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas de iniciativa privada co patrocinio municipal**, aprobadas por Decreto da Alcaldía de data **22 de xullo de 2026**, así como a correspondente convocatoria para a tempada **2026-2027**.

As citadas bases constitúen o marco regulador específico do procedemento e determinan, entre outros aspectos, as persoas e entidades que poden participar, os requisitos que deben cumprir, a documentación que deben presentar, os criterios de valoración das solicitudes, o réxime de asignación dos usos e as obrigas derivadas da utilización das instalacións deportivas municipais.

Á vista disto e visa a proposta, acórdase propoñer:

RESOLUCIÓN PROVISIONAL:

Á vista dos antecedentes de feito expostos, dos fundamentos de dereito que resultan de aplicación, da documentación que consta no expediente e da valoración efectuada de conformidade cos criterios establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobación provisional da asignación de usos

Aprobar provisionalmente a asignación de usos das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas de iniciativa privada co patrocinio municipal correspondente á tempada 2026-2027, de conformidade coa valoración realizada e nos días, horarios, instalación e entidade que figuran **Anexo I** da presente proposta.

A asignación comprenderá, segundo corresponda en cada caso, a instalación ou espazo deportivo, actividade, días de utilización, franxa horaria, período de uso e demais condicións aplicables.

A utilización das instalacións deberá limitarse aos usos e horarios provisionalmente asignados, quedando sometida en todo momento ás normas de funcionamento das instalacións deportivas municipais e ás instrucións dos servizos municipais competentes.

Segundo.- Esta resolución poderá ser modificada o longo do período de concesión, por mor das necesidades do Concello, para o uso das instalacións deportivas

Terceiro.- Aprobar, de acordo co artigo 4 do Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP 123 de 01/07/2014), as seguintes condicións de uso específicas para todas as instalación cedidas para o seu uso

Condicións de uso do ben municipal para as entidades deportivas beneficiarias na convocatoria de reserva de uso de instalacións deportivas municipais.

1. Todas as entidades deportivas beneficiarias desta solicitude que teñan concedida a reserva de uso dunha instalación deportiva municipal, **están obrigadas ao cumprimento** do Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP 123 de 01/07/2014) ou as conveñades con outras administración.

2. Con carácter xeral, deberá prestarse especial atención ao seguinte:

1. Para a disputa dos encontros e partidos oficiais das entidades ou clubs nas instalacións deportivas, o Servizo Municipal do Concello de Carballo poñerá os horarios dos encontros ou partidos, así como a instalación. Por tal motivo as entidades e clubs deberán notificar con 20 días de antelación os seus calendarios de competición para que os responsables do Servizo Municipal de Deportes do Concello de Carballo poidan notificarlles ás entidades o día, hora e instalación con 15 días de antelación (art. 23.15 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
2. As actividades do solicitante no inmovible municipal serán exercidas libremente pola entidade deportiva; non obstante, o Servizo Municipal de Deportes poderá realizar inspeccións para comprobar o cumprimento da finalidade.
3. Non se poderá cambiar o destino das instalacións, nin utilízalas para usos distintos dos expresados. Non se poderá arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente todo ou parte do inmovible obxecto de cesión (art. 21.3 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
4. A entidade deportiva queda obrigada a conservar as instalacións obxecto de autorización en bo estado.

5. Non se poderá acceder á pista de xogo nunca ata que o conserxe lle dea o consentimento para poder acceder. Será responsabilidade da persoa responsable da entidade deportiva que os/as nenos/as estean controlados/as fóra do acceso á pista de xogo mentres non se produza o traballo de cambio de material para desenvolver as diferentes actividades (colocación de porterías, postes, canastras, cortinas, etc.).

6. En todo caso, o Concello de Carballo non será responsable ante o usuario ou a usuaria en caso de accidente ou deterioro derivados do incumprimento por parte deste das presentes normas, dun comportamento negligente doutro/a usuario/a ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos (art. 17.2 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).

7. A entidade deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes incluída a asistencia sanitaria, ou a licenza federativa de cada un/unha dos/as participantes. O club ou entidade usuaria farase responsable dos posibles deterioros da instalación que poidan producirse polos seus xogadores ou xogadoras, adestradores/as, persoal auxiliar e asociados/as, así como dos accidentes deportivos (art. 23.11 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entidade, como organizadora do evento, farase responsable tamén dos deterioros que puidese ocasionar calquera deportista que acuda á competición.

8. O Servizo Municipal de Deportes do Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións de utilización das instalacións deportivas por algúns dos seguintes motivos (art. 23.6 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo):

a) Por necesidades de programación municipal ou de actividades do Concello de Carballo.

b) Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.

c) Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte dalgún/ha membro da entidade autorizada, se é este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos/as responsables do Servizo Municipal de Deportes do Concello de Carballo.

d) Por baixa asistencia dos/as membros da entidade, de xeito que reiteradamente non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.

9. A entidade deberá de confirmar por rexistro de entrada no Concello, nun prazo máximo de 10 días, os horarios definitivos de uso por parte da entidade, para cada grupo de adestramento:

a) Horarios de cada grupo explicando a que equipo e categoría corresponde o uso da instalación.

b) Número de deportistas de cada un dos grupos

c) Nome, apelidos e un teléfono de contacto da persoa responsable de cada un dos grupos.

10. Segundo se establece na Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 116, apartados b) e c), como infracción moi grave, a introdución nas instalacións nas que se realicen competicións ou actividades deportivas de, entre outras substancias, bebidas alcohólicas así como a venda de alcohol e tabaco nas instalacións deportivas, polo que o Concello de Carballo, para a tempada 2020/2021, prohibe totalmente a entrada de bebidas alcohólicas así como a venda de alcohol e tabaco nas instalacións. Será a entidade organizadora a responsable de que se faga cumprir.

3. Con carácter particular en cada unha das entidades. (PISCINAS / PAVILLÓNS E CAMPOS DE FÚTBOL)

a) Ningún grupo de categorías base poderá entrar na instalación sin a presenza do seu adestrador / monitor/a ou responsable da actividade, que deberá acreditar a súa presenza na conserxería da instalación

- b) Aquelas entidades que os seus deportistas necesiten a presenza de pais/nais ou acompañantes para cambiarse, deberá establecer un turno de entrada ao vestiario e non poderán estar dentro da instalación ata que o conserxe lles informe da hora de entrada ao vestiario. Deberá a entidade informar aos seus usuarios dos horarios exactos de entrada aos vestiarios, antes e despois da actividade, para acompañar aos nenos a cambiarse.
- c) Establecerá o Concello as franxas de idade que estarán autorizados para entrar os vestiarios acompañantes.
- d) Control de accesos as instalacións deportivas:
- Nas instalacións deportivas que exista control de acceso, mediante tornos será obrigatorio a utilización dunha tarxeta para a entrada e saída da instalación.
 - Nas instalacións deportivas que non exista control de acceso, cada unha das entidades deberá de cubrir de maneira mensual a ficha de control de asistencia que o Concello facilitará
 - Para os partidos, eventos de competición oficial, que se disputen nas instalacións deportivas, deberá o club organizador controlar o acceso tanto de espectadores, coma personas acreditadas en espazos onde se desenvolva a competición, non permitindo entrar nos vestiarios ou zonas de competición a ningunha persoa allea a competición que non estea acreditado para elo.

Cuarto.- Establecer os seguintes criterios de preferencia para os partidos de competición federada ou amigables durante toda a temporada:

- Nivel de competición na que se atope o equipo.
- Horario estable ao longo da temporada.
- Categoría dos equipos en relación ás franxas horarias.
- En caso de empate, establecerase un sistema de rotación.

Quinto.- Caracter provisional da convocatoria.

Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal www.carballo.gal, no seu apartado deportes, <http://carballo.gal/deporte/portada> e **abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen as horas de uso non aceptadas por cada instalación.**

A resolución provisional poderá ser efectiva a partir do 1 de setembro de 2026. A resolución provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria da proposta fronte ao Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

A proposta de resolución ten carácter provisional e que, polo tanto, non pon fin ao procedemento nin xera por si mesma un dereito definitivo á utilización das instalacións deportivas municipais.

A asignación de usos só adquirirá carácter definitivo unha vez adoptada e, no seu caso, publicada ou notificada a correspondente resolución definitiva polo órgano competente, nos termos establecidos na normativa aplicable.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

ANEXO I. RESOLUCIÓN PROVISIONAL POR DÍA / INSTALACIÓN / ENTIDADE DEPORTIVA

1. CAMPOS DE FÚTBOL

CAMPOS DE FÚTBOL 11 AS EIROAS "PRINCIPAL".

DÍA	HORARIO	TIPO DE CAMPO	ENTIDADE
	9:30 - 12:30	Campo Fútbol 11	BERGANTIÑOS F.C.
	17:30- 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ

LÚNS	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
MARTES	9:30 - 12:30	Campo Fútbol 11	BERGANTIÑOS F.C.
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	21:00 - 22:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	S.D. SAN LORENZO
MÉRCORES	9:30 - 12:30	Campo Fútbol 11	BERGANTIÑOS F.C.
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	S.D. SAN LORENZO
XOVES	9:30 - 12:30	Campo Fútbol 11	BERGANTIÑOS F.C.
	17:00 - 18:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	18:00 - 19:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	18:00 - 19:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
	19:30 - 21:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:30 - 21:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	21:00 - 22:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	21:00 - 22:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
VENRES	9:30 - 12:30	Campo Fútbol 11	BERGANTIÑOS F.C.
	17:00 - 18:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	18:00 - 19:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	18:00 - 19:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
	19:30 - 21:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:30 - 21:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	21:00 - 22:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	21:00 - 22:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	S.D. SAN LORENZO

CAMPOS DE FÚTBOL 11 AS EIROAS "ANEXO 1".

DÍA	HORARIO	TIPO DE CAMPO	ENTIDADE
-----	---------	---------------	----------

LUNS	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	19:00 - 20:30 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	BERGANTIÑOS F.C.
	20:30 - 22:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	BERGANTIÑOS F.C.
MARTES	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - A	E.F. LUIS CALVO SANZ
	17:30 - 19:00 H.	Campo Fútbol 8 - B	E.F. LUIS CALVO SANZ
